

# QUE NON NOS ENGANEN!

## AS MENTIRAS DE RUEDA SOBRE A DEPENDENCIA PARA BUSCAR VOTOS

- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou axudas económicas automáticas para persoas dependentes. Acórdase agora delas, a uns meses das eleccións e só **para buscar votos**.
- Non explica se estas axudas van ter continuidade ou son só para 2024, ano das eleccións.
- Só se concederán ás persoas que teñen prestacións por coidado de familiares e de residencia.
- Quedan excluídas, por tanto, todas as persoas dependentes que teñen solicitado o grao de dependencia e que aínda seguen agardando pola resolución.
- Estas axudas suporán un gasto de 100 millóns de euros en 2024. Unha cantidade que debería ser investida en recursos públicos de atención á dependencia, no canto de ser axudas directas concedidas sen ter en conta as condicións económicas de cada quen.

Cómpre subliñar que as persoas que reciben coidados familiares, maioritariamente mulleres, precisan dos recursos económicos necesarios para afrontar a responsabilidade deses coidados. Pero o PP afonda na visión machista de que os coidados teñen que prestalos as familias e, dentro das familias, as mulleres, en lugar de incrementar os orzamentos para que haxa unha rede de centros e recursos públicos de atención á dependencia. **Unha responsabilidade que teñen que asumir as administracións públicas.**



SISTEMA PÚBLICO GALEGO DE SERVIZOS  
DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS



COLECTIVO DE XUBILADOS/AS  
E PENSIONISTAS

# QUE FIXO O PP NESTES 14 ANOS DE GOBERNO?

- Segundo o INSERSO hai un **tempo de espera de máis de un ano** desde a solicitude de dependencia até que se ten a resolución da prestación.
- Ter a resolución da prestación tampouco significa que sexa efectiva, senón que inda se pode agardar máis tempo desde a resolución ata que se tén a prestación. **Nalgúns caso mesmo anos.**
- Segue habendo máis de **2.500 persoas agardando** por unha prestación, a maioría máis de 6 meses.
- A maioría dos servizos teñen un **copagamento**. As “libranzas” ou prestación económicas, dificilmente chegan para cubrir nin o 50% do servizo ou a necesidade para a que se achega.
- Na Galiza existen un total de 286 centros residenciais, que teñen un total de 21.952 prazas. Só hai 71 residencias públicas con 5.016 prazas. Porén, hai 215 residencias privadas con 16.936 prazas. **O peso das prazas públicas é mínimo.**
- O total de prazas de residencias non acadará máis que o 3,5% de persoas maiores de 65 anos da Galiza. Algo que **queda moi lonxe do 5% que a OMS recomenda como mínimo**. E isto nun país que tén máis dun cuarto da poboación maior de 65 anos.
- Hai un total de 237 centros de día, máis 15 específicos para doentes de Alzheimer, que suman un total de 9.698 prazas. **Non hai nin sequera un centro de día por cada concello**. E hai concellos cunha poboación maior moi elevada que precisarían deste recurso. Dos 252 centros de día existentes, só 97 son públicos, cun total de 3.464 prazas, máis 370 para doentes de Alzheimer. Privados son 140, con 5.703 prazas, máis 161 para doentes de Alzheimer. O peso das prazas públicas, unha vez máis, é mínimo.

## QUE PROPÓN O COLECTIVO DE XUBILADOS/AS DA CIG?



Desde o Colectivo de Xubilados/as e Pensionistas da CIG demandamos uns orzamentos axeitados para a atención á dependencia que inclúan a creación dun Sistema Público Galego de Servizos de Atención ás Persoas que xestione todos os recursos públicos, incluído o Servizo de Axuda no Fogar, para que as persoas dependentes poidan ter cubertas as súas necesidades en condicións dignas e de xustiza social.

SISTEMA PÚBLICO GALEGO DE SERVIZOS  
DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS



COLECTIVO DE XUBILADOS/AS  
E PENSIONISTAS